

ROGO DE AER SOBRE BEIRARÚAS DA ESTRADA N-555

PLENO 29 DECEMBRO 2011. ACTA 22/2011

Respecto á estrada N-555 (Redondela-Peinador), **rogamos** que se dirixa ao Ministerio de Fomento para reclamar a construción de beirarrúas na mesma, para evitar que os veciños de Cedeira e Negros, que nos levan reclamando esta actuación, arrisquen as súas vidas para acceder camiñando a Redondela. Recordarlle ao alcalde que esta é una necesidade urxente debido a alta densidade de tráfico que soporta esta estrada, acrecentada ademais co aumento do tráfico pesado dende que comezaron as obras do AVE, a existencia de varias paradas de autobús a que acoden numerosos escolares e a que xa se produciron accidentes mortais.

Tamén rogamos que reclamen ao Ministerio de Fomento un paso de peóns na rotonda da intersección da N-550 coa N-555 pra facilitar o cruce dos peóns que proceden de Negros e Cedeira.